

MÁIS DUN CENTO DE COLECTIVOS RECORREN E PIDEN A SUSPENSIÓN DAS DÚAS ORDES DA XUNTA QUE REACTIVAN A TRAMITACIÓN DE PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

107 asociacións e colectivos presentan recurso de reposición no que se pide a suspensión cautelar das Ordes do 27 de abril e do 5 de maio polas que a Xunta dá luz verde á continuidade da tramitación administrativa de case 1000 proxectos industriais de grande impacto en pleno estado de alarma.

Tamén solicitan á Delegación do Goberno en Galicia que revise se estas disposicións se axustan a Dereito.

Santiago de Compostela, a 27 de maio de 2020.- Máis dun cento de colectivos presentaron Recurso de Reposición fronte a Orde da Consellaría de Medio Ambiente, do 27 de abril, e fronte a Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 5 de maio de 2020 pola que se dá continuidade á tramitación de preto de 1000 expedientes administrativos durante o estado de alarma.

Este recurso foi presentado polo grupo de traballo denominado ALARMA AMBIENTAL GALEGA que nacía hai menos dun mes como resposta ao acordo do Consello da Xunta do xoves 30 de abril do 2020¹ (DOG² deste 4 de maio) no que se aprobou reactivar a tramitación administrativa en materia de avaliación ambiental de 975 proxectos que estaban paralizados polo Real Decreto que declarou o Estado de alarma. Posteriormente, a Xunta de Galicia ditou unha nova Orde a través da Consellaría Industria, que se publicou no DOG do 11 de maio, pola que non só se daba luz verde á continuidade da tramitación de centos de expedientes administrativos con forte impacto ambiental, senón que lexitimaba á Xunta para aprobar tales proxectos industriais de grande impacto.

Petición de suspensión cautelar das Ordes

As entidades recorrentes piden a suspensión cautelar de ambas Ordes da Xunta por contravir o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo do 2020³, polo que foi declarado o Estado de alarma, que estableceu con carácter xeral a suspensión dos termos e dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Só contempla, como forma excepcional, que se poidan acordar, mediante resolución motivada, a continuación daqueles trámites que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Porén, a Xunta aproveita esa excepcionalidade do Real Decreto para subverter a regra xeral, e atribuírlle tal carácter a preto de mil expedientes que, na súa maioría non son de interese xeral nin son indispensables ou estritamente necesarios para o funcionamento básico dos servizos públicos. Ademais, a Xunta intenta xustificar en abstracto ao alcance do interese xeral de ditas excepcións, cando debería telo feito expediente a expediente ou proxecto a proxecto. Por tanto, estas dúas ordes da Xunta estaríase deixando sen efecto as disposicións previstas no Real Decreto 463/2020, do

¹ Aquí a referencia do Consello da Xunta. Na páxina 11, 12 e 13 pódese ver o referente a este tema: https://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1417255&name=DLFE-36813.pdf

² Aquí pódese consultar a Orde publicada no DOG: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200504/AnuncioG0532-270420-0003_gl.pdf

³ Aquí o Real Decreto: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-3692

14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma relativa á suspensión dos prazos administrativos.

Menoscabo dos dereitos dos administrados

Esta situación resulta especialmente grave, cando aínda nos enfrontamos a unha seria crise sanitaria e a poboación continúa con a estar limitada para o desenvolvemento de moitas das súas actividades de forma normalizada. Tamén están limitados os movementos e posibilidades de organización veciñal para responder a proxectos industriais de tan grande impacto. Por tanto, mentres dure o Estado de alarma os dereitos fundamentais dos administrados sofren un menoscabo e as persoas e colectivos temos menos posibilidades de exercer o control sobre a acción administrativa en materia de medio ambiente ou para evitar que dela se deriven ilegalidades.

Intervención da Delegación do Goberno

Así mesmo, as entidades recorrentes vimos de instar á Delegación do Goberno en Galicia para que atenda a ditos recursos de reposición e revise pola súa banda se as ordes das consellarías de Medio Ambiente e de Industria da Xunta de Galiza se axustan ás disposicións do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo do 2020, ou se pola contra as contraveñen.

Apoio social

O conxunto de 107 organizacións cidadás de toda Galicia, convertiuse nun movemento social importante que mostra a preocupación ante unha Xunta que parece que goberna de costas aos intereses dos seus cidadás e que lle está a pedir que rectifique.

Listado de plataformas, asociacións e colectivos que apoian este recurso:

1. A Rente do Chan-Pladever
2. AAVV 3 de maio
3. ADEGA
4. Agrupación de Montanha Águas Limpas (AMAL)
5. APEOM Outes
6. Arquitectura Sen Fronteiras Galicia
7. Asoc. galega Cova Crea
8. Asoc. Petón do Lobo
9. Asociación "Azos Feministas"
10. Asociación a Picouta, Trazo
11. Asociación Ambiental Senda Nova
12. Asociación Amigos da Terra
13. Asociación Corentena Producións
14. Asociación Cultural A Rula
15. Asociación Cultural Brisas do Quenllo
16. Asociación Cultural Festival das Brétemas
17. Asociación Cultural Lucerna - Cerceda
18. Asociación Cultural O Naranxo (Lalín)
19. Asociación Cultural O Quilombo
20. Asociación de Afectados polo Vertedoiro de Lesta
21. Asociación de Custodia do Territorio "Brexia"
22. Asociación de guías acreditados das illas atlánticas de Galicia AGAIAS
23. Asociación Ecolóxica Cultural Ridimoas
24. Asociación Educativa y Cultural Animales del Mundo, AECAM
25. Asociación Ekohuerta Agropuro
26. Asociación Hortas do Val de Feáns
27. Asociación O Ouriol do Anllóns, de Coristanco
28. Asociación para a Custodia do Bosque Atlántico
29. Asociación para a defensa da natureza no Condado ADENCO
30. Asociación para o coidado da terra Carabel das Cabras

31. Asociación Pola Defensa da Ría (APDR)
32. Asociación pola Defensa do Parque de Rosalía
33. Asociación Rexeneración Autóctona
34. Asociación Sociocultural Ecolectivo
35. Asociación Sustinea
36. Asociación Verdeval, do Val Miñor
37. Asociación Víctimas de la Justicia
38. Asociación Xuvenil Comarea
39. Associação cultural A Gentalha do Pichel de Compostela
40. Axóuxere Editora
41. BRIGA - Organización juvenil da esquerda independentista galega
42. Casalonga Limpa de Residuos
43. Central Unitaria de Traballadoras (CUT)
44. Centro Social Fusalho da Guarda
45. Co-mando Ghichas (Val Miñor)
46. Colectivo Arroutada
47. Colectivo Capitán Gosende
48. Colectivo Ecoloxista do Salnés
49. Colectivo Portalén de Terra de Montes
50. Colectivo Terra de Pontedeume
51. Colectivos en Loita
52. Comisión de Asociación contra as minas da terra Cha
53. Comisión de seguemento da minaría e defensa do rural Frades e Mesía
54. Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol
55. Comité de Defensa de las Rías Altas
56. Comunidade de montes de mancomún de Tameiga
57. Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Tameiga
58. ContraMINAcción
59. Corrente Vermella
60. Ecoloxistas en Acción Galiza
61. Epona Terra
62. Federación Ecoloxista Galega
63. Foro Social de Cangas
64. Fridays for future A Coruña-Ferrol
65. fridaysforfuture Teo
66. Fundação Montescola
67. Fundación Galicia Verde (Leboso-Forcarei)
68. GEAS, Grupo de Estudo dos Animais Salvaxes
69. Greenpeace
70. Grupo de Traballo A Eira do Ceessg (Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia)
71. Instituto de Estudos Miñoráns, IEM
72. Instituto para la Monitorización Vecinal de Espacios Contaminado I.M.V.E.C.
73. Interior Galego Vivo
74. Lugo de cara ao Miño
75. Lugo sen Mordazas
76. Modepén Lugo
77. Modepen Morrazo (Movemento Galego pola Defensa das Pensións Públicas)
78. MPI(Mocidade pola independência)
79. Nais polo Clima Santiago de Compostela / Madres por el Clima
80. Plataforma A Auga é Vida
81. Plataforma Auga Limpa XA!
82. Plataforma de Afectados pola Destilería de Contimunde (Rois)
83. Plataforma de afectados polo vertedoiro Santiago de Compostela - Miramontes
84. Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA)
85. Plataforma Galega para a Defensa Animal e da Natureza
86. Plataforma non máis eólicos Campelo Bustelo
87. Plataforma pola convivencia ética coa fauna silvestre
88. Plataforma pola defensa de Corcoesto e Bergantiños
89. Plataforma pola recuperación do Sar

90. Plataforma Quijote Outes
91. Plataforma rexeneration.net
92. Plataforma Veciñal Mina Touro O Pino Non
93. Plataforma Vida e Ría ou Minaría
94. Rede para o Decremento Eo-Navia Galiza O Bierzo
95. Salvemos a Comarca de Ordes
96. Salvemos as fragas de Catasós
97. Salvemos Monteferro
98. Salvemos O Iribio
99. SGO, Sociedade Galega de Ornitología
100. Sindicato Labrego Galego
101. Sinha PACA (Plataforma de Activistas Culturais e Artistas) de Redondela
102. Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins
103. SOS GROBA
104. Teo polo clima
105. USDG - Unión Sindical de Docentes de Galicia
106. Verdegaiá
107. Xente do rural Ponteceso

CONTACTO:

alertaambientalgalega@gmail.com

***Teléfono de contacto para medios de comunicación: 628 458 509,
637994500.***